

## **Acción de transferencia tecnolóxica nº 12/055**

### **Xestión técnico económica das explotacións de leite de vacún de Galicia**

#### **Antecedentes e xustificación**

Desde 1977 a Consellería do Medio Rural ven recollendo información técnico-económica das explotacións leiteiras para coñecer a evolución deste subsector así como para mellorar a formación dos produtores.

Aínda que por diversos avatares, o número de explotacións estudadas foise reducindo ao longo dos anos, a mostra segue a ter entidade suficiente para servir de referencia.

A información recollida, unha vez analizada, vense publicando nunha edición impresa, así como en formato dixital na páxina Web da consellería. Aínda que esta versión é a preferida entre técnicos e universitarios, as dificultades de acceso a internet no noso medio rural seguen facendo necesaria a edición en papel.

Esta información, a pesar das súas limitacións, é a única fonte de información dispoñible sobre custos de produción, resultados económicos e eficiencia produtiva das nosas explotacións. De facto, serve tamén para o informe sobre o sector lácteo que realiza a Secretaría General Técnica do MARM.

Ao ofrecer unha serie temporal, permite seguir a evolución das variables máis relevantes do punto de vista técnico-económico ao longo dos anos. Por esta razón, a publicación e moi demandada polas organizacións profesionais, técnicos e analistas da universidade.

#### **Obxectivos**

1. Manter viva a única fonte de información técnico-económica sobre as explotacións leiteiras con que conta a Administración galega.
2. Dar a coñecer os resultados mediante a súa publicación en formato dixital e en papel, para que poidan ser utilizados como útil de formación en xestión.
3. Promover a súa difusión e discusión entre as organizacións profesionais, produtores de leite e técnicos.

#### **Metodoloxía empregada**

##### Localización

Aínda que os datos proceden de explotacións leiteiras da provincia da Coruña, Lugo e norte da provincia de Pontevedra, a divulgación dos resultados será para toda Galicia.

Colaboran na recollida da información 8 agrupacións de xestión.

O número de explotacións leiteiras controladas é, aproximadamente, de 150.

Aos datos aplicaráselles a análise de grupos para a comparación de resultados.

#### **Planificación da actividade**

Abril-xullo 2012: Recollida dos datos técnico-económicos do exercicio nas explotacións.

Xullo-décembro 2012:

Tratamento, análise dos datos e elaboración da publicación dos resultados.

Xornada técnica para divulgación dos resultados co CFEA de Sergude.

Edición do libro cos resultados.